

**Programa de Intercooperación:
Encontro Sectorial Asesorías e Consultoras**
[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATA REALIZACIÓN	27/09/24	DURACIÓN	2,5 horas
HORARIO	15:30h – 18:00h		
LUGAR CELEBRACIÓN:	A Morada S. Coop. Galega – Rúa Enrique X. Macías, 6 36203 Vigo		
PERSONA DE CONTACTO	Teresa Balado Barciela	TELÉFONO	607698239
		E-MAIL	teresa@espazo.coop

OBXECTIVOS

Establécese como obxectivo xeral a promoción de encontros de intercooperación entre cooperativas para o fortalecemento sectorial, e como obxectivos específicos:

- Favorecer o coñecemento mutuo entre as entidades participantes, tanto a nivel sectorial como intersectorial.
- Posibilitar a transferencia de temáticas, experiencias, metodoloxías, ou solucións para a posta en marcha de estratexias de cooperación.
- Contribuír á mellora da xestión empresarial e societaria e á consolidación das entidades participantes.
- Divulgar ferramentas e boas prácticas de intercooperación que favorezan o emprendemento e consolidación de proxectos e/ou procesos neste eido.
- Estimular e acompañar ao emprendemento e consolidación de proxectos e/ou procesos de intercooperación.

PROGRAMA E CONTIDOS

- 15:30h - Benvida e presentación do Encontro e do Programa de Intercooperación.
- 15:45h - Presentación das últimas cooperativas incorporadas na sectorial. Dinámica de facilitación a cargo de Caordic S. Coop. Galega.
- 16:15h -Presentación da Marca Expertcoop, actualización das entidades e novas solicitudes de incorporación en ExpertCoop Asesorías.
- 16:50h - Dinámica de traballo sobre os requisitos da Marca Expertcoop - Consultoras
- 17:45h - Conclusións, dúbidas e recollida de propostas.
- 18:00h - Fin do Encontro.

METODOLOXÍA

Desenvolverase un método de traballo que combina a análise e reflexión estratéxica, elaboración e emprego de modelos, uso de ferramentas de análise e planificación, exposición de boas prácticas e casos de éxito, intercambio de opinións e experiencias que sirvan para estimular e ordenar o diálogo nun plano de igualdade e enriquecemento mutuo.

DIRIXIDO A

Persoas socias da cooperativas activas , principalmente aquelas que conforman a sectorial de Asesorías e Consultoras de EspazoCoop, favorecendo a participación de todas elas



Este programa enrámase:

- No programa de actuación 2024-2025 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería Emprego, Comercio e Emigración para o fomento do cooperativismo e a economía social.